

**DÍA
INTERNACIONAL
DAS
PERSOAS CON
DISCAPACIDADE**

3 de decembro de 2018

#DiversidadeNonÉPrecariedade



Diversidade ≠ precariedade

CCOO exige emprego digno para todas as persoas

O emprego digno está recoñecido nas declaracións de dereitos para todas as persoas, independentemente das súas capacidades. Na práctica diaria tamén debe estalo.

Por iso, no Día Internacional das Persoas con Discapacidade, CCOO reclama que se poñan todas as medidas necesarias para que os traballadores e traballadoras con discapacidade teñan os mesmos dereitos e iguais oportunidades.

Os Estados, e España entre eles, están obrigados pola Convención sobre os Dereitos das Persoas con Discapacidade das Nacións Unidas a garantir e promover o pleno exercicio de todos os dereitos civís, culturais, económicos, políticos e sociais das persoas con discapacidade. Entre eles, a protección e promoción da persoa en canto membro da sociedade, o dereito á educación, o dereito á saúde e o dereito ao traballo.

Fálase decotío da saída da crise; porén, a tendencia á baixa no desemprego non afecta ás persoas con discapacidade. Segundo os informes do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), mentres que o ano pasado a taxa de desemprego se viu recortada nun 7,8% respecto ao ano anterior, no caso das persoas con discapacidade este descenso apenas alcanzou o 1,5%.

Se analizamos as taxas de temporalidade na contratación dos traballadores e traballadoras con discapacidade, apréciase claramente como esta taxa se incrementou nos últimos dez anos. Se xa era alta no 2008 e atanguía o 83,96% dos traballadores con discapacidade, en 2017 esta taxa elevouse ao 90,3%.

As modalidades máis utilizadas na contratación de persoas con discapacidade foron as de carácter temporal, concretamente a eventual por

#DiversidadeNonÉPrecariedade

circunstancias da produción (36,76 %) e a de obra ou servizo (32,66 %). Estas dúas tipoloxías suman case o 70 % da contratación rexistrada. Con respecto ao ano anterior, aumentaron por riba da media, algo máis do 17 %. É bastante significativo que no referente á modalidade de contratación indefinida, o tipo de contrato que experimentou o menor incremento foi xusto o dirixido especificamente a persoas con discapacidade, cun aumento do 8,01 %.

A contratación a través de centros especiais de emprego tampouco é allea á precariedade. As estatísticas do SEPE deste ano (xaneiro a outubro) revélanos o mesmo panorama de temporalidade e eventualidade que o resto do mercado laboral: dos case 70 000 contratos realizados en centros especiais de emprego, 22 230 foron eventuais por circunstancias da produción e 20 947 de obra ou servizo, sendo 1 194 (o 1,71 %) os contratos indefinidos formalizados e 5 613 os que se asinaron como consecuencia da conversión doutros contratos en indefinidos.

Con todos estes datos, non é de estrañar que a diversidade funcional leve consigo unha maior vulnerabilidade social e un maior risco de pobreza e exclusión. En concreto, a taxa AROPE correspondente a 2017 sinala que o risco de pobreza das persoas con discapacidade de 16 ou máis anos ascende ao 31,5 %, mentres que para o resto da poboación desa idade se sitúa no 24,4 % (sete puntos porcentuais menos).

Ter un emprego tampouco garante saír da pobreza: o 17,1 % das persoas ocupadas con discapacidade tamén son pobres, segundo recolle EAPN no seu 8.º Informe anual sobre o estado da pobreza e a exclusión social en España.

Por iso CCOO exige que o dereito ao traballo das persoas con discapacidade non só sexa teórico, e lembra que se lles debe asegurar aos traballadores e traballadoras con diversidade funcional a aplicación real de medidas suficientes para saír dunha espiral de precariedade que tende á cronicidade, mesmo nos ámbitos onde a protección debería ser maior.

#DiversidadeNonÉPrecariedade

Para combater esta precariedade, CCOO considera fundamental:

- Velar polo estrito cumprimento das cotas de reserva, reforzando a vixilancia por parte das Administracións.
- Dignificar as condicións laborais e salariais e homologalas coas do resto de traballadores e traballadoras.
- Perseguir o abuso da contratación temporal.
- Introducir criterios sociais de contratación coa Administración pública que favorezan a inserción laboral con condicións dignas das persoas con discapacidade.
- Incentivar a contratación de persoas con discapacidade.
- Favorecer a conversión de contratos temporais en indefinidos.
- Garantir o acceso das persoas con discapacidade á formación ao longo da vida.
- Garantir os axustes razoables necesarios para adaptar os postos de traballo e as medidas preventivas para evitar danos á saúde e accidentes laborais.
- Mellorar as fontes estatísticas que permitan estudar todos os aspectos relacionados co traballo das persoas con discapacidade, incluídas aquelas con discapacidade sobrevida.

Porque a diversidade non debe ser sinónimo de precariedade.

É o momento de inverter esta situación e garantir un emprego digno a todas as persoas.

#DiversidadeNonÉPrecariedade

